

Cooperativismo no sector forestal



xesforesta
s. coop. galega

O **monte** non só exerce unha función **produtiva** ou económica, tamén exerce importantes funcións **sociais, culturais** e **medioambientais** que contribúen a mellor a calidade de vida da cidadanía.

índice

Situación actual do sector forestal en Galicia

O monte galego

Diversificación dos usos do monte en Galicia


Algúns retos do monte galego

O cooperativismo como oportunidade no eido forestal

Experiencias de éxito

Situación actual do sector forestal en Galicia


Clasificación dos usos do solo en Galicia



O **monte galego** supón o 66% da superficie total do territorio galego. Ademais, ten unha presenza superior á media de España e mesmo superior á media existente no conxunto dos países membros da Unión Europea.

Esta presenza física debería traducirse nunha maior presenza no tecido económico e social.

Propiedade do monte



Aproximadamente dúas terceiras partes da propiedade do monte están en mans privadas individuais.

A outra terceira parte está en mans privadas das comunidades de montes veciñais en man común, agás o 2% que lle corresponde ás administracións públicas.

Diversificación dos usos do monte en Galicia

Tradicionalmente considerouse a produción de madeira como beneficio principal. Sen embargo, existen outro tipo de producións, compatibles na gran maioría dos casos coa produción forestal madeireira que están a ter un importante desenvolvemento, son as denominadas **producións secundarias ou complementarias** do bosque. Entre éstas, podemos destacar: silvopastoreo, caza, pesca continental, canteiras, biomasa, cogomelos, plantas medicinais e aromáticas, mel e produtos apícolas, pequenos froitos (arando, grosella, amora, framboesa, abruño...), froitos e sementes de árbores (castaña, noz, abelá, piñón).

Estes aproveitamentos deberían ser xestionados de maneira que se **compatibilicen os diversos usos** conforme a criterios de rendibilidade, complementariedade e sustentabilidade.

Así mesmo, os montes están a acadar novos valores para a sociedade no referente ao **tempo de lecer**, xurdindo así novas iniciativas empresariais de turismo rural, turismo activo e de aventura.





Diagnose do monte galego (análise DAFO)

DEBILIDADES

- ◆ Fragmentación do territorio
- ◆ Abandono do rural
- ◆ Deficiente xestión: baixa produtividade e baixa calidade dos produtos
- ◆ Adaptación a continuas modificacións legislativas en materia forestal

FORTALEZAS

- ◆ Gran capacidade produtiva do monte galego
- ◆ Disponibilidade de terreo
- ◆ Diversificación dos usos do monte
- ◆ Maior profesionalización do sector

AMEAZAS

- ◆ Globalización dos mercados
- ◆ Incendios forestais
- ◆ Baixo prezo da madeira
- ◆ Contínuas modificacións legislativas

OPORTUNIDADES

- ◆ Concienciación social da multifuncionalidade
- ◆ Agrupacións de propiedades particulares
- ◆ Certificación forestal
- ◆ **O cooperativismo**

Algúns retos do monte galego

1. **Recuperar o interese** das persoas propietarias polo seu monte
2. **Agrupar as propiedades** para facer unha xestión rendible e sustentable
3. **Ordenar o monte** cun instrumento de xestión
4. Fomentar a **certificación forestal**
5. **Diversificar e compatibilizar** os usos do monte
6. **Investir en I+D+I** de xeito permanente
7. **Profesionalizar** o sector
8. **Pechar a cadea** de produción na mesma contorna
9. Facer uso dos **recursos locais**
10. Conseguir unha **maior implicación das administracións públicas** en políticas forestais

Novo marco lexislativo

A **Lei de Montes de Galicia** (*Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*. DOG Núm. 140 · Luns, 23 de xullo de 2012) articula as competencias das administracións públicas, a propiedade forestal, a planificación e xestión forestal sustentable, os recursos forestais, as infraestruturas forestais, a cadea monte-industria, os recursos xenéticos forestais, as pragas, as medidas de fomento forestal, rexistros forestais e réxime sancionador.

En definitiva, é a primeira vez que en Galicia hai unha Lei que regula os montes e se axusta á nosa realidade forestal.



O cooperativismo como oportunidade no eido forestal

Moitos **montes** de Galicia, tanto de comunidades veciñais como de propietarios/as individuais constitúen unha **oportunidade laboral** para todas aquelas persoas que desexen emprender un proxecto de futuro neste eido.

Por outra banda, **o modelo cooperativo ten enormes potencialidades** para o desenvolvemento económico e social. As cooperativas xeran rendas alternativas e estables, son un factor de innovación social e empresarial e introducen formas de organización e xestión conxunta. Ademais, posibilitan a profesionalización do traballo forestal coa creación de postos de traballo fixos.

Experiencias de éxito

Existen na actualidade diversidade de cooperativas que teñen incidencia na xeración de riqueza no monte galego. As máis salientables son as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as cooperativas de traballo asociado, as cooperativas agrarias adaptadas á actividade forestal e as cooperativas de utilización de maquinaria en común.

Alguns exemplos disto, son:





Nome: Milhulloa S. Coop. Galega

Ano de constitución: 2001

Localización: Palas de Rei (Lugo)

Clase: traballo asociado

Nº de persoas socias: 3

Actividade: Cultivo ecolóxico de plantas medicinais e aromáticas, realizando todo o proceso de elaboración do produto, desde o cultivo ata a transformación para a súa venda. Tamén ofrece servizos de deshidratación a empresas produtoras de algas, cogomelos e hortalizas.

Nome: A Veiga de Cascallá S. Coop. Galega

Ano de constitución: 1997

Localización: Rubiá (Ourense)

Clase: agraria

Nº de persoas socias: 13

Actividade: Producción de castañas na zona de Valdeorras.

Ademais, como se trata dunha actividade estacional, a cooperativa incorporou outras producións, como cultivos de horta e mel para a súa posterior comercialización, mellorando a economía local.



ASERRADEIRO DE MADEIRAS
FABRICA DE TARIMAS

Nome: Madefón S. Coop. Galega

Ano de constitución: 1997

Localización: A Fonsagrada (Lugo)

Clase: traballo asociado

Nº de persoas socias: 5

Actividade: Serradoiro especializado en madeira de castiñeiro. A maioría da madeira vai destinada á súa transformación en mobles, mentres que o 10% restante se emprega en obras menores de carpintería e ebanistería.



Nome: Erica Mel S. Coop. Galega

Ano de constitución: 1990

Localización: Arzúa (A Coruña)

Clase: agraria

Nº de persoas socias: máis de 350

Actividade: Comercializan mel multifloral, mel monofloral e outros produtos apícolas baixo a marca personalizada "Mel das miñas colmeas".



Nome: Monte Cabalar S.
Coop. Galega

Ano de constitución: 2004

Localización: A Estrada (Pontevedra)

Clase: explotación comunitaria da terra

Nº de persoas socias: máis de 330

Actividade: Modelo integral (gandeiro, forestal e agrícola) de recuperación da superficie en abandono. Teñen máis de 700 ha. pechadas para aproveitamento gandeiro mixto con rotación de bestas, cabras e vacas. Comercializan produtos cárnicos de terneiros, cabritos, poldros e porco celta.



Nome: xesforesta s. coop. galega

Ano de constitución: 2012

Localización: Porto do Son (A Coruña)

Clase: traballo asociado

Nº de persoas socias: 3

Actividade: Ofrecemos servizos de enxeñaría forestal, enxeñaría ambiental e de formación nestes eidos.

A nosa é unha firme aposta pola natura, o valor do monte, o valor do común.



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA